

CARACTERÍSTICAS DO PARO REXISTRADO NA COMARCA TERRA DE SONEIRA. Ano 2016


Este estudo elabórase en base ós datos aparecidos na páxina web do Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Xunta de Galicia, tendo en conta distintos indicadores do mercado laboral que fan referencia tanto ó paro rexistrado como ás contratacións realizadas na comarca.

O desemprego rexistrado na Comarca de Terra de Soneira no ano 2016 foi do **1.51% do desemprego rexistrado na provincia**, porcentaxe inferior ó rexistrado nos anos 2015 e 2014 (1.57% en cada un deles), nos anos 2013 (1.70%) e 2012 (1.69%). Isto amosa que o desemprego na provincia creceu a un ritmo un pouco máis alto que na comarca durante o ano 2016.

Atendendo á demanda de emprego por concellos, inscritos en decembro do 2016, Vimianzo conta cun 37.73% (38.80% no 2015) dos inscritos na comarca, Camariñas cun 38.13% (35.70% no 2015) e Zas cun 24.14% (25.50% no 2015). Este ano cómpre destacar que aumentou o porcentaxe de persoas desempregadas no concello de Camariñas (2.43%) e descendeu nos de Vimianzo (-1.07%) e Zas (-1.36%), continuando coa tendencia do ano 2015.

O desemprego comarcal segundo a idade e o sexo

O paro da comarca ó longo do ano 2016 segue a mesma tendencia en homes e mulleres. Diminúe en ambos sexos o número de persoas desempregadas no segundo e terceiro trimestre para aumentar de novo no derradeiro trimestre do ano.



O desemprego afecta máis ás mulleres, acadando unha media porcentual do 56.83% (56.42% no 2015 e 51.84% no 2014). No caso dos homes a media porcentual sitúase no 43.17% (43.58% no 2015 e 48.16% no 2014), producíndose a máxima diferenza porcentual a favor dos homes (maior porcentaxe de desempregados no trimestre respecto do número de persoas desempregadas sen ter en conta a variable sexo) no primeiro trimestre do ano e a favor das mulleres no terceiro. Cómpre destacar que o desemprego masculino diminuíu o 0.41% con respecto ó ano anterior. A media trimestral delas foi de 705 paradas, dato moi inferior á media trimestral do ano anterior (805). Os homes desempregados presentan unha media de 536, sensiblemente inferior ós 622 de media trimestral do ano 2015. Estes datos explican a diminución do porcentaxe de desempregados con respecto ós datos dos dous anos anteriores.


Cadro nº1: DESEMPREGADOS POR SEXO

2016	Homes	Mulleres	TOTAL	PROVINCIA
Primeiro	620	765	1385	90397
Segundo	532	720	1252	81491
Terceiro	451	656	1107	76918
Cuarto	541	681	1222	80556

Cadro nº 2: DESEMPREGO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	69	224	310	368	414	1385
SEGUNDO	58	192	264	347	391	1252
TERCEIRO	56	165	235	305	346	1107
CUARTO	49	186	281	337	369	1222

Se facemos tres grandes grupos de idade observamos que os maiores porcentaxes de desempregados se sitúan nos grupos de maiores de 45 anos cunha media do 57.93% (55.56% no 2015 e 53.72% no 2014) e no grupo de entre 25 – 44 anos cunha media do 37.40% do paro



rexistrado (38.99 % no 2015 e 39.57% no 2014). Por outra banda, os menores de vinte e cinco anos acadaron de media un 4.67% do desemprego comarcal (5.45% no 2015 e 6.71% no 2014). Este ano ó igual que nos dous anos anteriores o porcentaxe de desemprego aumentou nos maiores de 45 anos, (2.37% no 2016 respecto do ano anterior) descendendo nos outros dous grandes grupos de idade. Cómpre destacar o descenso neste 2016 das persoas desempregadas de entre 25 – 44 anos (-1.59%).


Cadro nº3: DESEMPREGO FEMININO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25–34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	35	145	196	205	184	765
SEGUNDO	28	122	178	213	179	720
TERCEIRO	27	109	158	194	168	656
CUARTO	22	105	176	211	167	681

Cadro nº 4: DESEMPREGO MASCULINO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25–34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	34	79	114	163	230	620
SEGUNDO	30	70	86	134	212	532
TERCEIRO	29	56	77	111	178	451
CUARTO	27	81	105	126	202	541


O **paro feminino** caracterízase polo aumento porcentual respecto do ano anterior (0.41%). De novo as mulleres son maioría entre as persoas desempregadas, seguindo a tendencia de anos anteriores só rachada polos datos do 2012 e 2013 no que o porcentaxe de homes desempregados superaba o de mulleres. O maior número de desempregadas



atopámolas nos grupos de idade que van dos 35 - 44 anos e o de 45 - 54. As maiores diferenzas a favor das mulleres respecto dos homes observámolas no grupo de menores de 25 anos e entre os desempregados de 55 e máis, aínda que este grupo está a

aumentar o seu peso porcentual.

Os maiores porcentaxes de **homes** desempregados sitúanse nos maiores de 55 anos, seguido do grupo de 45 - 54 anos. O período de descenso do paro durante os meses de verán afecta especialmente ós desempregados de 25 - 34 anos e ós de 45 - 54 anos., seguindo a mesma tendencia do ano 2015.



O nivel de instrución e desemprego



O nivel de instrución dos demandantes de emprego é moi baixo. Atopamos unha media dun 61.10% (60.33% no 2015 e 60.84% no 2014) de persoas desempregadas que non teñen rematada a ensinanza obrigatoria. Un 23.36% (23.62% no 2015 e 23.49% no 2014) só teñen a ensinanza obrigatoria e soamente un 3% (3.35 % no 2015 e 2.69% no 2014) de demandantes de emprego posúen titulación universitaria.

Atopamos neste ano que diminuíu o porcentaxe de persoas desempregadas con formación media (0.16% menos que no 2015), e o de titulación superior (-0.35 puntos). O paro segue a afectar maioritariamente ós desempregados sen ESO.

Cadro nº5: DESEMPREGO POR NIVEL DE INSTRUCCIÓN

	PRIMEIRO		SEGUNDO		TERCEIRO		CUARTO	
	H	M	H	M	H	M	H	M
UNIVERSITARIOS	10	28	7	23	9	28	8	36
BUP/BACHARELATO SUPERIOR/COU	10	23	10	20	6	22	8	22
FORMACIÓN PROFESIONAL	46	96	42	91	29	78	43	77
ENSINANZA OBRIGATORIA	121	204	101	194	77	179	97	187
ATA CERTIFICADO ESCOLARIDADE *	433	414	372	392	330	349	385	359
TOTAL	620	765	532	720	451	656	541	681

* Inclúe certificado de escolaridade, estudos primarios sen certificado e sen estudos.





O desemprego por sectores económicos


Cadro nº6: DESEMPREGO POR SECTORES ECONÓMICOS

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL
SECTOR PRIMARIO	37	59	96	35	55	90	28	47	75	24	88	112
SECTOR SECUNDARIO	170	67	237	165	67	232	143	52	195	164	54	218
SECTOR CONSTRUCCIÓN	28	247	275	24	196	220	21	171	192	22	210	232
SECTOR SERVICIOS	455	231	686	432	200	632	396	167	563	410	179	589
SEN EMPREGO ANTERIOR	16	75	91	64	14	78	68	14	82	61	10	71
CON EMPREGO ANTERIOR	749	545	1294	656	518	1174	588	437	1025	620	531	1151
Total	765	620	1385	720	532	1252	656	451	1107	681	541	1222

Máis do 93% das persoas desempregadas da Terra de Soneira son traballadores con experiencia profesional e, polo tanto, menos dun 7% é demandante de primeiro emprego. Seguen a manterse no 2016 os mesmos porcentaxes que no 2015 e no 2014. Se analizamos os datos tendo en conta a variable sexo, observamos que o porcentaxe de mulleres desempregadas en busca de primeiro emprego é sensiblemente superior ó porcentaxe de homes nesta situación.




Os sectores con maior cantidade de persoas desempregadas son o sector servizos e a construción, seguindo as mesmas pautas do ano anterior. Atendendo á evolución por trimestres observamos, nos tres primeiros, unha diminución no número de parados en tódolos sectores con respecto ó trimestre anterior. No derradeiro trimestre do ano aumenta o número de persoas en procura de emprego en tódolos sectores respecto do trimestre anterior.



Se temos en conta a variable sexo, o comportamento do desemprego nos distintos sectores varía considerablemente. En canto ós homes, o maior número de desempregados atopámolo no sector da construción, seguido do sector servizos, a continuación situaríanse os sectores primario e secundario.


Se avaliamos os datos das mulleres o maior número de desempregadas atopámolo no sector servizos, seguido a bastante distancia do sector secundario. O número de mulleres desempregadas no sector primario e na construción é moi baixo en comparación cos outros sectores de actividade, isto débese ó feito de que as mulleres non soen demandar traballo nestes sectores.



A contratación na comarca por sectores económicos

Cadro nº 7: CONTRATACIÓN POR TRIMESTRE E SECTOR ECONÓMICO

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total
SECTOR PRIMARIO	6	103	109	7	75	82	8	75	83	8	80	88
SECTOR SECUNDARIO	47	41	88	53	49	102	32	48	80	25	45	70
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1	60	61	2	95	97	3	148	151	1	92	93
SECTOR SERVICIOS	329	213	542	365	206	571	526	434	960	352	248	600
TOTAL	383	417	800	427	425	852	569	705	1274	386	465	851




No gráfico da evolución da contratación por sectores económicos obsérvase que a contratación aumenta no segundo trimestre nos sectores secundario, construción e servizos, mentres que descende o número de contratos no sector primario. No terceiro trimestre (época de verán) aumenta a contratación nos sectores

primario, construción e, especialmente, no sector servizos, mentres que descende, significativamente, o sector secundario respecto do trimestre anterior. Os datos máis positivos neste trimestre atopámoslos no sector servizos (389 contratos máis no terceiro trimestre que no segundo). Esta alza no sector servizos fai que este sexa, con moita diferenza, o trimestre no que atopamos un maior número de contratacións en todo o ano. No cuarto trimestre prodúcese un descenso nas contratacións en tódolos sectores respecto do trimestre anterior agás no sector primario. A maior regresión no número de contratos neste trimestre atopámolo no sector servizos (360 contratos menos que no trimestre anterior).


Na contratación que se efectúa na comarca este ano destaca o seu carácter maioritariamente masculino 53.27% (53.60% no 2015 e 44.47% no 2014). As contratacións femininas representan o 46.73% (46.40% no 2015 e 55.23% no 2014). Este ano cómpre destacar unha leve melloría na porcentaxe de contratacións femininas (0.33%). Os sectores máis masculinizados son o primario, secundario e construción. O único sector no que o número de contratacións das mulleres supera ó dos homes é no sector servizos.

Se avaliamos a contratación por trimestres vemos que, durante o 2016, os homes se incorporan ó mercado de traballo en maior número que as mulleres en tódolos trimestres do ano agás no segundo aínda que a diferenza a favor das mulleres neste trimestre non é significativa (só 2 contratos). A menor diferenza entre o número de contratacións tendo en conta a variable sexo sería no segundo trimestre do ano mentres que as maiores diferenzas se producen no terceiro (época de verán) cunha diferenza de 136 contratos a favor dos homes. Se comparamos estes datos cos do 2015 vemos que continúa a mesma tendencia xa que os homes se incorporaban ó mercado de traballo en maior número que as mulleres en tres trimestres do ano.


Evolución da contratación




No primeiro trimestre observamos datos moi positivos na contratación das mulleres no sector servizos. No caso dos homes o maior número de contratos corresponden ó sector servizos seguido do sector primario e da construción. Os homes superan ás mulleres nos sectores primario e da construción mentres que no sector servizos e secundario priman o número de contratos femininos sobre os masculinos.



Neste segundo trimestre continúa a tendencia do anterior, a contratación masculina é superior á feminina nos sectores primario e da construción. A presenza das mulleres no sector da construción é insignificante (2 contratos fronte a 95 dos homes). Cómpre destacar que é este trimestre o único do ano no que o número de contratacións femininas supera ás masculinas aínda que como se sinalou con anterioridade os datos non son significativos, só dous contratos a favor das mulleres.



Como se pode observar neste terceiro trimestre, coincidindo cos meses de verán, é no que se rexistran maior número de contratacións en todo o ano. Neste período é no que se produce a maior diferenza entre o número de contratacións masculinas e femininas, (136) a favor dos homes. O número de contratacións masculinas supera ás femininas en tódolos sectores de actividade agás no sector servizos.



No cuarto trimestre continúa a tendencia do trimestre anterior e as mulleres só lideran as contratacións no sector servizos con respecto dos homes. Baixan o número de contratos en tódolos sectores agás no sector primario no que se produce un leve aumento. Os maiores descensos danse nos sectores da construción e, principalmente no sector servizos.

As ocupacións máis contratadas e demandadas.

Para esta análise collemos as 10 ocupacións nas que se realizan máis contratacións cada mes por sexo e agrupámolas por trimestres.

Cadro nº 8: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NA COMARCA. MULLERES

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
CAMAREIROS ASALARIADOS	62	81	153	74
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	46	61		16
AXUDANTES DE COCIÑA	42	27	32	36
ENFERMEIROS NON ESPECIALIZADOS	31	32	35	36
TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAIS A DOMICILIO	30	48	42	31
XASTRES, MODISTOS, PELETEIROS E SOMBREIREIROS	21		16	
PERSONAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	17	13	25	21
VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS	17	14	30	14
COCIÑEIROS ASALARIADOS	13		16	7
COMPOSITORES, MÚSICOS E CANTANTES	6	9		13
TÉCNICOS EN EDUCACIÓN INFANTIL	6			
OUTRAS OCUPACIÓNS ELEMENTAIS	6			8
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS SEN TAREFAS DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPIGRAFES	6		9	
TRABALLADORES DOS COIDADOS ÁS PERSOAS EN SERVIZOS DE SAÚDE NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPIGRAFES		12		
CONDUTORES ASALARIADOS DE AUTOMÓBILES, TAXIS E FURGONETAS		9		7
COIDADORES DE NENOS EN GARDERÍAS E CENTROS EDUCATIVOS			22	
ADMINISTRADORES DE SISTEMAS E REDES				7

No caso das mulleres, entre as ocupacións máis contratadas (17), (18 no 2015) atopamos tres grupos:

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: camareiros asalariados; peóns das industrias manufactureiras; axudantes de cociña; enfermeiros non especializados; traballadores dos coidados persoais a domicilio; persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares; vendedores en tendas e almacéns; cocineiros asalariados; compositores, músicos e cantantes. Estas ocupacións constitúen o 52.94% das ocupacións analizadas (44.44% no 2015).
2. Ocupacións que só destacan nun trimestre: técnicos en educación infantil; traballadores dos coidados ás persoas en servizos de saúde non clasificados baixo outras epígrafes; coidadores de nenos en garderías e centros educativos; administradores de sistemas e redes.

3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: xastres, modistos, peleteiros e sombreireiros; outras ocupacións elementais; empregados administrativos sen tarefas de atención ó público non clasificados baixo outras epígrafes; condutores asalariados de automóviles, taxis e furgonetas

Dos datos anteriores de ocupacións máis contratadas entre as mulleres chámamos a atención seis epígrafes, enfermeiros non especializados; técnicos en educación infantil; outras ocupacións elementais; condutores asalariados de automóviles, taxis e furgonetas; coidadores en garderías e centros educativos; administradores de sistemas e redes.

Tentando analizar a orixe destes datos observamos que as contratacións na primeira das ocupacións (enfermeiros non especializados) prodúcense ó longo de todo o ano unica e exclusivamente no concello de Vimianzo. Á vista destes resultados podemos concluír que probablemente os contratos se correspondan co xeriátrico de Vimianzo e coa empresa Reacteda que xestiona principalmente servizos de axuda a domicilio polo que estaríamos seguramente ante un erro de codificación e no caso de moitos destes contratos sería máis exacto computa-las contratacións co código traballadores dos coidados persoais a domicilio.

A análise da ocupación de técnicos en educación infantil amosa que das 6 contratacións que se producen no primeiro trimestre distribúense do seguinte xeito: unha no mes de xaneiro e 5 no de febreiro, 1 en Vimianzo e 5 no concello de Zas. Descoñecemos a que poden deberse estas contratacións, quizais a algún tipo de actividade de lecer.

A epígrafe outras ocupacións elementais (9490) tamén nos chama a atención porque é a terceira vez que a atopamos na comarca. Tentando pescudar a que tipo de contratacións fai referencia este código observamos que estas se producen no primeiro e cuarto trimestre, repartidas en catro dos seis meses (xaneiro 1, febreiro 2, marzo 3 e novembro 8). Desagregando os datos por concellos para tentar atopar máis información temos os seguintes datos: Camariñas 2 contratos no mes de novembro, Vimianzo 6 (1 marzo, 5 novembro) e Zas 6 contratos (1 xaneiro, 2 febreiro, 2 marzo e 1 novembro). Segundo a

clasificación de ocupación empregada polo Instituto Galego das Cualificacións na súa codificación, (CNO), segundo a orde estrutural, o grupo 9 corresponde a traballadores non cualificados. Dado que o volume de contratos é pequeno en cada un dos meses e está repartido entre os tres concellos é imposible para nós saber exactamente a que sector ou sectores corresponderían estes contratos.

Respecto da ocupación condutores asalariados de automóbiles, taxis e furgonetas chámamos a atención porque ata este ano só aparecía entre as ocupacións máis contratadas no caso dos homes. Observamos que as contratacións se producen no segundo e cuarto trimestre do ano todas no concello de Vimianzo repartidas do seguinte xeito (3 abril, 2 maio, 4 xuño, 4 outubro, 2 novembro e 2 decembro). Descoñecemos que empresas puideron realizar estes contratos aínda que valoramos positivamente a incursión das mulleres nunha ocupación masculinizada ata este ano.

En relación coa ocupación de coidadores en garderías e centros educativos atopamos 22 contratacións que se producen no terceiro trimestre do ano, 2 delas en setembro en Vimianzo e as 20 restantes nese mesmo mes en Zas. Aínda que os datos de Vimianzo poden ser reais, non atopamos explicación posible a esta cifra do concello de Zas dado que aínda que existe unha escola infantil da Galiña Azul no dito concello e no mes de setembro é cando se inicia o curso escolar parécenos un número excesivamente alto de contratacións. Pensamos que algúns dos ditos contratos poden facer referencia a distintos postos como coidadores – acompañantes de autobús escolar, monitores de actividades infantís,... xa que coinciden co mes de inicio do curso escolar, pero consideramos que non se corresponden realmente coa ocupación de coidadores en garderías e centros educativos polo que probablemente esteamos ante un erro de codificación.

Por último destacar a ocupación administradores de sistemas e redes. Esta ocupación é a primeira vez que aparece entre as máis contratadas na comarca. Das 7 contratacións do derradeiro trimestre do ano destacar que se produciron todas en Vimianzo, 3 en novembro e 4 en decembro. Non conseguimos información tampouco de a que ocupacións fan referencia exactamente estas contratacións aínda que pensamos que pode haber algún erro de codificación.

Cadro nº 9: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NA COMARCA. HOMES

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
CAMAREIROS ASALARIADOS	103	64	186	134
PESCADORES DE AUGAS COSTEIRAS E AUGAS DOCES	46	22	27	41
COMPOSITORES, MÚSICOS E CANTANTES	29	23	16	20
ALBANEIS	27	27	27	
PESCADORES DE ALTURA	16			8
MARIÑEIROS DE PONTE, MARIÑEIROS DE MÁQUINAS E AFÍNS	15			
SOLLADORES, COLOCADORES DE PARQUÉ E AFÍNS	13	14		
CONDUTORES ASALARIADOS DE CAMIÓNS	9	14	12	
INSTALADORES DE CERRAMENTOS METÁLICOS E CARPINTEIROS METÁLICOS (AGÁS MONTADORES DE ESTRUTURAS METÁLICAS)	6			
CARPINTEIROS (AGÁS EBANISTAS)	5	33	79	64
CONDUTORES ASALARIADOS DE AUTOMÓBILES, TAXIS E FURGONETAS	5	13	15	14
VIXILANTES DE SEGURIDADE E SIMILARES HABILITADOS PARA IR ARMADOS	5			
AXUDANTES DE COCIÑA	5			
TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAIS A DOMICILIO		13		
PROFESORES DE FORMACIÓN PROFESIONAL (MATERIAS ESPECÍFICAS)		10		
CONDUTORES DE AUTOBUSES E TRANVÍAS			22	
OUTRO PERSOAL DE LIMPEZA			20	
TRABALLADORES CUALIFICADOS EN ACTIVIDADES FORESTAIS E DO MEDIO NATURAL			19	
PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS			12	
OUTROS TRABALLADORES DAS OBRAS ESTRUTURAIS DE CONSTRUCCIÓN NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES				11
MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO				10
PEÓNS DA PESCA				9
VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS				8

En canto ós homes, nas ocupacións máis contratadas (23) (21 no 2015) atopamos 3 grupos pero só coinciden seis ocupacións (camareiros asalariados; axudantes de cociña; traballadores dos coidados persoais a domicilio; vendedores en tendas e almacéns; compositores, músicos e cantantes; condutores asalariados de automóbiles, taxis e furgonetas) coas máis contratadas entre as mulleres polo que apreciamos claramente a segregación horizontal das ocupacións e contratacións por sexo.

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: camareiros asalariados; pescadores de augas costeiras e augas doces; compositores, músicos e cantantes; albaneis; condutores asalariados de camiós; carpinteiros (agás ebanistas); condutores asalariados de automóbiles, taxis e furgonetas. Estas ocupacións constitúen o 30.43% das ocupacións analizadas (38.10% no 2015).

2. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns; instaladores de cerramentos metálicos e carpinteiros metálicos (agás montadores de estruturas metálicas); vixilantes de seguridade e similares habilitados para ir armados; axudantes de cociña; traballadores dos coidados persoais a domicilio; profesores de formación profesional (materias específicas); condutores de autobuses e tranvías; outro persoal de limpeza; traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural; peóns de obras públicas; outros traballadores das obras estruturais de construción non clasificados baixo outras epígrafes; monitores de actividades recreativas e de entretemento; peóns da pesca; vendedores en tendas e almacéns.
3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: pescadores de altura; solladores, colocadores de parqué e afíns.

Dos datos anteriores das ocupacións máis contratadas entre os homes chámannos a atención seis epígrafes, axudantes de cociña; traballadores dos coidados persoais a domicilio; profesores de formación profesional (materias específicas), outro persoal de limpeza; monitores de actividades recreativas e de entretemento; vendedores en tendas e almacéns.

No caso da ocupación de axudantes de cociña chámamos a atención porque ata este ano era unha ocupación feminizada que si aparecía entre as máis contratadas na comarca no caso das mulleres pero non entre os homes. Este ano producíronse 5 contratacións no mes de marzo no concello de Zas.

Outra ocupación feminina por excelencia como traballadores dos coidados persoais a domicilio tamén aparece entre as máis contratadas entre os homes no segundo trimestre do ano. Neste caso as contratacións teñen lugar todas en Vimianzo, 6 no mes de maio e 7 no de xuño.

En terceiro lugar analizamos a ocupación profesores de formación profesional (materias específicas). Esta ocupación é o primeiro ano que aparece entre as máis contratadas. Teriamos 10 contratos no concello de Vimianzo no mes de maio. Descoñecemos a que

fan referencia exactamente estes contratos pero dado que todos eles teñen lugar ó final do curso escolar opinamos que pode tratarse de centros ou academias de ensinanza privados.

A ocupación outro persoal de limpeza, con 20 contratacións no mes de xullo, 16 en Camariñas e 4 en Zas farían referencia ás contratacións que fan os concellos de peóns para a limpeza de praias, cunetas, rúas... que se producen sempre nos meses de verán.


Respecto dos monitores de actividades recreativas e de entretemento temos 10 contratacións no derradeiro trimestre do ano, 1 en Camariñas no mes de outubro e 9 en Vimianzo (1 outubro, 8 novembro). Descoñecemos a que fan referencia exactamente estas contratacións aínda que pensamos que poden ser contratacións de monitores para as distintas actividades culturais e deportivas ofertadas polos concellos.

Finalmente, a ocupación vendedores en tendas e almacéns destacámola porque, ó igual que a ocupación de axudantes de cociña, ata este ano era unha ocupación feminizada que si aparecía entre as máis contratadas na comarca no caso das mulleres pero non entre os homes. Este ano producíronse 8 contratacións no derradeiro trimestre do ano, 3 en Vimianzo (1 outubro, 1 decembro) e 5 en Camariñas (1 outubro e 4 en decembro).

As ocupacións e sectores nos que se producen o maior número de contratacións adoitan ser bastante estables ó longo do ano. Entre as 10 ocupacións nas que se produce un maior número de contratos en cada trimestre, que ó final do ano da lugar a 17 ocupacións no caso das mulleres e 23 no caso dos homes, coinciden homes e mulleres en seis (mesmo número que no 2015), o que reflicte a segregación horizontal por sexos xa apuntada.


Cadro nº 10: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. MULLERES.

	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
Persoal de limpeza ou limpador, en xeral	384	361	332	341
Dependentes de comercio, en xeral	216	203	196	197
Mozos de recollida de lixos - vertedoiros	205	201	180	185
Peóns de obras públicas, en xeral	170	165	140	155
Peóns forestais	134	127	109	123
Caixeiros de comercio	110	98	88	92
Pinches de cociña	105	108	95	96
Asistentes domiciliarios	103	98	88	86
Repoñedores de hipermercado	93	90	85	84
Empregados administrativos, en xeral	81	75	63	68




Cadro nº 11: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. HOMES.

	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
Peóns de obras públicas, en xeral	235	199	158	197
Albaneis	207	154	122	159
Peóns da construción de edificios	172	142	113	131
Peóns forestais	161	149	111	131
Mozos de recollida de lixos - vertedoiros	160	140	105	125
Encofradores	90	66	42	65
Condutores de furgonetas ata 3.5 T	66	62	49	49
Condutores de camións, en xeral	61	46	41	52
Traballadores de retén de incendios forestais	43	39		38
Persoal de limpeza ou limpador, en xeral	37		33	
Mozos de carga e descarga, almacén e / ou mercado de abastos		39	28	
Mariñeiros de buque de pesca			28	60



Cadro nº 12: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS E DEMANDADAS NA COMARCA

	CONTRATOS			DEMANDAS		
	MULLERES	HOMES	TOTAL	MULLERES	HOMES	TOTAL
PEÓNS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	123		123			
SERVIZOS A PERSOAS DEPENDENTES	179	13	192	94		94
OCUPAC. RELACIONADAS CO COMERCIO	75	8	83	388		388
OCUPAC. RELACIONADAS COA RESTAURACIÓN	543	492	1035	101		101
OCUPAC. RELACIONADAS CO SECTOR TÉXTIL	37		37			
OCUPAC. RELACIONADAS COA LIMPEZA	76	20	96	354	35	389
OCUPACIÓNS AGROFORESTAIS		19	19	123	178	301
TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS	16	104	120		140	140
OCUPACIÓNS DE TIPO ADMINISTRATIVO	15		15	72		72
MANTEMENTO VÍAS, LIMPEZA PRAIAS E CONDUTORES DE MAQUINARIA DE TERRAS		12	12	350	330	680
ACTIVIDADES SANITARIAS	146		146			
OCIO E TEMPO DE LECER	28	98	126			
OCUPAC. RELACIONADAS COA PESCA		184	184		44	44
CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS		92	92		366	366
OUTRAS OCUPAC. DA CONSTRUCCIÓN RELACIONADAS CO ACABADO DE EDIFICIOS		214	214			
SERVIZOS PROFESIONAIS		10	10			
PROTECCIÓN E SEGURIDADE		5	5			
OCUPACIÓNS RELACIONADAS COAS TICS	7		7			
TRABALLADORES NON CUALIFICADOS	14		14			



- Ocupacións agroforestais: peóns forestais; traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural; traballadores de retén de incendios forestais.
- Transporte e mantemento de vehículos: condutores asalariados de automóviles, taxis e furgonetas; condutores asalariados de camiións; condutores de autobuses e tranvías; condutores de furgonetas ata 3.5 T; condutores de camiións, en xeral; mozos de carga e descarga, almacén e / ou mercado de abastos.
- Ocupacións de tipo administrativo: empregados administrativos sen tarefas de atención ó público non clasificados baixo outras epígrafes; empregados administrativos, en xeral.
- Mantemento de vías, limpeza de praias e condutores de maquinaria de terras: mozos de recollida de lixos – vertedoiros; peóns de obras públicas, en xeral; peóns de obras públicas.
- Actividades sanitarias: enfermeiros non especializados; traballadores dos coidados ás persoas en servizos de saúde non clasificados baixo outras epígrafes.
- Ocio e tempo de lecer: compositores, músicos e cantantes; monitores de actividades recreativas e de entretemento.
- Ocupacións relacionadas coa pesca: pescadores de augas costeiras e augas doces; pescadores de altura; mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns; peóns da pesca; mariñeiros de buque de pesca.
- Construción de edificios: albaneis; outros traballadores das obras estruturais de construción non clasificados baixo outras epígrafes; peóns da construción de edificios, encofradores.
- Outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios: solladores, colocadores de parqué e afíns; instaladores de cerramentos metálicos e carpinteiros metálicos (agás montadores de estruturas metálicas); carpinteiros (agás ebanistas).
- Servizos profesionais: profesores de formación profesional (materias específicas).
- Protección e seguridade: vixilantes de seguridade e similares habilitados para ir armados.
- Ocupacións relacionadas coas TICs: administradores de sistemas e redes.

- Traballadores non cualificados: outras ocupacións elementais.

Co fin de realizar a comparación dos datos numéricos cómpre indicar que collemos os datos das 10 ocupacións máis demandadas e as 10 máis contratadas en cada trimestre no ámbito masculino e no ámbito feminino. O número de contratos que aparecen no cadro 12 está realizado a partir do sumatorio das táboas de contratación. En canto ás demandas calculamos a media trimestral que correspondería a cada ocupación e sumamos as ditas medias segundo os nosos grupos sectoriais.

Se realizamos a comparación entres as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupadas por CNO segundo os criterios anteriormente sinalados, podemos concluí-lo seguinte:

- 1.- En varias das ocupacións analizadas (7) atopamos un número superior de demandas con respecto do número de contratacións, concretamente nas ocupacións relacionadas co comercio; coa limpeza; agroforestais; transporte e mantemento de vehículos; ocupacións de tipo administrativo; mantemento de vías, limpeza de praias e condutores de maquinaria de terras; construción de edificios. Estaríamos, polo tanto, ante postos de traballo que se ocupan no mercado laboral aínda que na maioría dos casos a demanda está bastante descompensada xa que se producen moitas máis demandas que contratacións.
- 2.- Un segundo grupo serían as ocupacións contratadas que non aparecen entre as máis demandadas, isto sucede con 9 das estudadas: peóns das industrias manufactureiras; ocupacións relacionadas co sector téxtil; actividades sanitarias; ocio e tempo de lecer; outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios; servizos profesionais; protección e seguridade; ocupacións relacionadas coas TICs; traballadores non cualificados. Isto indicaría que este tipo de contratacións non se están a facer a través do SPEG.
- 3.- No caso das ocupacións relacionadas cos servizos a persoas dependentes; restauración e as relacionadas coa pesca, aínda que aparecen entre as primeiras tanto en número de contratos como en demandas, a contratación supera a demanda polo que quedarían prazas vacantes, que probablemente ó igual que no caso anterior non se estarían a xestionar a través do SPEG.

4.- Este ano non temos ningunha ocupación entre as máis demandadas que non aparece entre as máis contratadas o que podería apuntar a unha mellor adecuación entre oferta e demanda e á mellor orientación e intermediación laboral no territorio se esta tendencia se confirma en próximos anos.

Cómpre salientar que as ocupacións mozos de recollida de lixos – vertedoiros e peóns de obras públicas, en xeral son dúas das ocupacións máis demandadas en ambos sexos porque son códigos que os concellos utilizan para as súas ofertas de limpeza de praias, rúas e mantemento de vías e obras polo que as persoas demandantes desta ocupación solicitan este traballo aínda que despois non aparece reflectido nos contratos porque se especifican ocupacións como persoal de limpeza de praias, operario de servizos múltiples,...

Tanto as contratacións como as demandas se caracterizaban por reflectir a segregación horizontal por sexo en sectores e ocupacións, aínda que este ano continúa a tendencia no aumento do número de demandas por parte das mulleres en ocupacións masculinizadas. Así destacamos as ocupacións de mantemento de vías e limpeza de praias e as ocupacións forestais. Cómpre salientar que esta tendencia da demanda feminina vén favorecida pola intervención da administración xa que eses códigos soen empregarse para as contratacións dos concellos de limpeza de praias, mellora en espazos e vías, cuadrillas de extinción de incendios...

Á vista dos resultados anteriores cómpre intervir e orientar cara á demanda naquelas ocupacións de postos que non se cobren. No caso dalgunha ocupación pode ser un problema de elección na codificación porque ó existir tantas ocupacións similares ás veces non se solicita traballo nun código pero si aparecen outros códigos similares.

Outro problema é a dificultade para codificar algunha ocupación, un exemplo claro son as contratacións que fan os concellos para a tempada de verán xa que en moitas ocasións contratan persoal como operarios de servizos múltiples ou para limpeza de praias, códigos que non existen no CNO co que cada concello á hora de realiza-la oferta de emprego no SPEG o fai por un código distinto. No caso exposto nos concellos da

zona poden empregarse ata 3 códigos distintos (peóns de obras públicas, en xeral; mozos de recollida de lixos – vertedoiros, peóns forestais).

De todo isto concluímos que o obxectivo da orientación segue a ser a mellor relación entre os recursos humanos e as necesidades do mercado laboral a través de mecanismos informativos e formativos que equilibren recursos e necesidades.